



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º 000137

Serie A N.º 3177093



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA DEZASETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE: - - - - -

## **PRESIDENTE:**

D. Telmo Martín González

## **CONCELLEIROS/AS:**

D. Juan Antonio Deza Otero  
D.<sup>a</sup> María Paz Lago Martínez  
D. Daniel Arosa Dasilva  
D.<sup>a</sup> María Deza Martínez  
D. Marcos Guisasola Padín  
D.<sup>a</sup> Flavia Besada Otero  
D. Oscar Vilar Sartages  
D. Jaime Leiro Otero  
D.<sup>a</sup> Paula Martínez Santos  
D.<sup>a</sup> Ainhoa Fervenza Celestino  
D.<sup>a</sup> Marta Caneda Prieto  
D. Fernando Otero Montes  
D.<sup>a</sup> Sandra Fernández Agrasos  
D.<sup>a</sup> Andrea Ucha Bouzada  
D.<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa

## **INTERVENTOR:**

D. José - Juan Vidal Vilanova

## **SECRETARIO:**

D. Angel - Luis López Pita

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declarárase aberta a sesión.



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º 000138

Serie A N.º 3177094

**1º) EXPTE. NÚM. U-085/17 DE “INSTITUTO CALASANCIO DE LAS HIJAS DE LA DIVINA PASTORA”: APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA EQUIPAMENTO E DOTACIÓN PRIVADA NO LUGAR DE DORRON-SANXENXO : O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 14 de xaneiro de 2020.**

**A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular,** explicou que inicialmente se aprobou a través dunha licenza directa polo concello, ao entender que as instalacións deportivas eran as mínimas e imprescindibles, existindo unha descuberta e outra cuberta para usos complementarios, lembrando que a lei do solo permite que no solo rústico fáganse instalacións ou edificacións mínimas e imprescindibles para determinados usos, posteriormente a APLU incoou un expediente por entender que debía tramitarse previamente un plan especial, o que se fixo a partir de mediados do ano 2018 e, despois da aprobación inicial e provisional, agora procede a definitiva.

**A Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE,** preguntou por que este asunto viña a esta sesión e non ao vindeiro pleno ordinario. O Sr. Alcalde manifestou que a urxencia viña dada porque se trataba dun asunto do ano 2018 e traíase agora aproveitando a celebración deste pleno polos dous asuntos que se ían a tratar a continuación, engadindo que se trataba dun problema para o concello, porque podía dar lugar a responsabilidade patrimonial, sendo unha pena que non se puidese aprobar hai tempo. A Sra. Fervenza Celestino dixo que non lle parecían adecuadas as formas de contestar polo Sr. Alcalde, preguntando en que sentido era unha pena que non se aprobase este plan antes, contestando o Sr. Alcalde que non lle gustaba que o nome de Sanxenxo salga por cousas que se fan mal, lembrando que o partido da anterior interveniente tamén estivo no goberno municipal dous anos na anterior lexislatura.

**A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG,** sinalou que non se trataba dun asunto que fixo mal o goberno, senón dun informe técnico que dicía que non era necesario un plan especial, posteriormente interveu a APLU considerando que non era así e, agora, unha vez salvada esa controversia, procedía este acordo.

**A Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto,** indicou que o mellor sería evitar que xurdisen estes problemas en urbanismo adoptando as medidas procedentes, na situación en que estamos agora o mellor é traer este punto e proceder a súa aprobación, áinda que persoalmente discrepa dalgúns criterios técnicos.

**A Sra. Deza Martínez** aludió a que se trataba dunha cuestión de distintas interpretacións de carácter técnico e tamén xurídico, precisando que non só aquí empregouse a figura destas instalacións mínimas e imprescindibles, senón en toda Galicia, mesmo en gobernos que non eran do PP e para realizar instalacións como aeródromos ou clubs de golf con centros sociais.

Non se producen mais intervencións e o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada**, adoptándose o seguinte acordo:



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º 000139

Serie A N.º 3177095



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**“PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para Equipamento e Dotación Privada no lugar de Dorrón, no termo municipal de Sanxenxo.

**SEGUNDO:** Publicar no Diario Oficial de Galicia o acordo de aprobación definitiva do plan especial.

**TERCEIRO:** Publicar no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra a normativa e as ordenanzas do plan especial.

**CUARTO:** Notificar individualmente o presente acordo ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

**QUINTO:** Remitir o documento do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para Equipamento e Dotación Privada no lugar de Dorrón, definitivamente aprobado, ao Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.”-----

**2º) EXPTE. NÚM. 2020000140: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA 1ª PRÓRROGA DO EXPEDIENTE DE “RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE SANXENXO” :** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 14 de xaneiro de 2020.

O Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do PP, explicou que o 23 de xaneiro de 2012 a empresa “ASCAN” resultou concesionaria deste servizo, por un período máximo de 13 anos, tendo dereito a dúas prórrogas, sobre os 8 anos iniciais, de tres e dous anos respectivamente, destacando que se propón esta prórroga porque o goberno municipal está satisfeito co servizo que presta a empresa e porque o prezo é competitivo, entendendo que cunha nova licitación, probablemente, os custos serían mais altos, ademais de que no ano 2021 terase que xestionar a quinta fracción ou fracción orgánica e, nese sentido, xa se está a traballar coa empresa, indicando por último que, se ao longo destes tres anos notáse unha baixa na prestación do servizo, non se esgotaría este prazo.

A Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, mostrouse de acordo porque a empresa tiña dereito a estes tres anos, non entendendo por qué non se trouxo antes este acordo, concretamente ao anterior pleno ordinario, porque as datas xa se sabían de antes. O Sr. Alcalde dixo que non teñen que contar as negociacións que tiveron que facer coa empresa concesionaria antes deste acordo, porque, como suposición, puidese ser que á empresa concesionaria non lle interesase seguir e entón, nese suposto, habería que convencela.

A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG, resaltou que a empresa estaba a facer un bo servizo e lembrou que o prezo do concurso, no seu día, estaba moi xusto, ademais de que co concesionario actual non existiron os problemas laborais que se tivo o anterior, non obstante, tendo en conta que como consecuencia da normativa europea en



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º 000140

Serie A N.º 3177096



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

2021, hai que xestionar o tema orgánico, ao mellor este concello podería ser pionero e ambicioso neste asunto e non proceder a prorroga do contrato, senón a concesión dun novo, que tamén apostase pola compostaxe, motivo polo que se van a abster.

A Sra. Rodríguez Búa precisou que a prorroga non era un dereito da empresa, senón que o concello podía perfectamente, ao finalizar os 8 anos, prescindir dos seus servizos, áínda que tamén consideraba que a concesionaria respondeu dun modo satisfactorio, pero en vez de facer o mais sinxelo, como é a prorroga, puido optarse por aprobar un novo prego que permitise mellorar o servizo. Por último a interveniente no uso da palabra matizou con respecto ao anterior punto da orde de día que, áínda sendo certo que existen diversas interpretacións, cando alguén se equivoca adoita responder, en cambio aquí, sempre paga o Concello de Sanxenxo.

O Sr. Deza Otero explicou que xa se estaba a traballar na compostaxe, téndose entregado trescentos no rural e destacou tamén unha mellora do 19% na reciclaxe, grazas á colaboración dos veciños de Sanxenxo, todo isto cunha baixada de 4 euros no recibo do lixo, habendo agora un servizo mellor coa mesma empresa.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu o referido ditame a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia e pola **maioría absoluta** dos membros de derecho da corporación, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

-“Prorrogar o contrato asinado con “**ASCAN EMPRESA CONSTRUTORA E DE XESTIÓN S.A.**”, actualmente denominada “**ASCAN SERVICIOS URBANOS S.L.**”, con CIF B-39.866.199, por un prazo de **TRES ANOS**, ata o **22 de xaneiro de 2023**, nas mesmas condicións establecidas nos Pregos, no proxecto e na oferta presentada polo contratista.”.....

**3º EXpte. NÚM. 2020000141: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS OBXECTO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO CICLO DA AUGA, É DICIR, ABASTECIMENTO DA AUGA POTABLE A DOMICILIO, SANEAMENTO E EVACUACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS E TRATAMIENTO DAS AUGAS RESIDUAIS : O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 14 de xaneiro de 2020.**



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º 000141

Serie A N.º 3177097



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP, matizou que a concesión vén dun contrato do ano 1995, cunha prórroga posterior de 10 anos, que venceu o 31 de decembro de 2019 e que a lexislación de contratos é distinta respecto á do ano 1995, posto que antes era posible unha duración de 75 anos e, posteriormente, foron 40 anos, engadindo que podían proceder a unha nova prórroga, pero non lles interesa e se a continuidade por doce meses para preparar un novo prego e un novo contrato, tendo en conta que as achegas que se fagan teñen que dedicarse a obras no ciclo hídrico, co que se pode aproveitar para cumplir o que figuraba no seu programa nas eleccións, de que chegase o saneamento a todas as vivendas do concello.

*Sendo as 21.00 horas incorpórarse á sesión D. José Juan Vidal Vilanova, Interventor Xeral do Concello.*

A Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, mostrouse de acordo en que se proceda a facer esta ampliación para procurar un contrato novo, instando a súa realización, sen que se demore mais.

A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG, precisou que non se trataba de que ao goberno non lle interesase unha prórroga, senón que non había outra posibilidade, quedando claro na comisión que non hai cabida para unha prórroga, xa houbo unha, a do ano 2009, que rematou no ano 2019 e non existía posibilidade para outra mais, entendendo que o que se acorda aquí é para evitar problemas cando polo goberno municipal non se fai o seu traballo de ter licitada unha nova concesión antes do remate da anterior, o que sería o ideal e propio dun goberno responsable, como fan outros concellos, tendo en conta ademais, que ainda que colleron o cargo en xuño, xa gobernaban antes, polo que tiveron tempo. A concelleira interveniente engadiu que, de non ter feita a licitación, o normal sería adoptar este acordo antes do 31 de decembro e non agora, con carácter retroactivo, estando durante un tempo en precario, o que considerou unha deixamento da xestión importante no goberno municipal, polo que se van a abster.

A Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto, indicou que na comisión quedou claro que a prórroga estaba vetada e só podíase seguir coa concesión durante o período necesario para proceder a unha nova contratación, porque así o permite a lexislación, non tendo por que ser un período de 12 meses, podendo ser mesmo menor. A interveniente continuou dicindo que o normal é que antes de finalizar a concesión se fixese un concurso ou, cando menos, aprobar o prego, para non estar 17 días nesta situación anormal, razón pola que se ía a abster, posto que non era forma de proceder, manifestando, por último, que nin na comisión nin neste pleno, falouse de cal ía a ser a intención do goberno neste período excepcional de 12 meses.

A Sra. Deza Martínez manifestou que na comisión falaron de moitas cousas, tamén da liquidación do contrato anterior pola intervención municipal, podendo entenderse como deixamento de funcións non interesarse por ela, xa que na mesma, a instancias do Sr. Interventor, existía un informe xurídico externo que prevía a posibilidade de prórroga por un período máximo de 40 anos e o goberno procedeu a estudar todas as posibilidades, considerando que o mellor non era facer unha nova prórroga, senón ser ambiciosos cara o futuro, para que todas as casas do concello teñan saneamento grazas a un novo concurso por procedemento aberto, no que se fará unha valoración económica previa, lembrando que no Concello de Pontevedra prevíanse 140 millóns de euros en obras para o ciclo hídrico, ademais de que se podía incluír no novo prego a limpeza das pluviais, que non se recollía no actual..



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º 000142

Serie A N.º 3177098



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

A Sra. Fervenza Celestino, indicou que se alegraba de que se diga que se vai a ir a un novo prego, en vez de proceder a unha nova prórroga, porque entrarían en temas legais que non veñen a conto. O Sr. Alcalde puntualizou que se o 31 de decembro de este ano non se fai ben o traballo, o que non vai pasar, o Concello tería que facerse cargo do servizo, agora hai que facer o estudio previo ao prego e ao concurso, agardando que este tema se resolva en outubro ou senón antes do 31 de decembro, tratándose dun prego moi complicado e engadindo que estaban a facer as cousas ben e ían seguir así. A Sra. Fervenza Celestino solicitou que se lle contestase con moderación e aludió a que que o anterior interventor dixo o mesmo que a voceira do Grupo do PP.O Sr. Alcalde incidiu en que falaban da continuidade por lei da prestación do servizo pola actual concesionaria, estando contento co servizo que está a prestar e sinalando que antes se podían dedicar as achegas obtidas por estes contratos a calquera obra e, agora, teñen que ser co mesmo obxecto, mesmo tamén para separación das pluviais.

*Sendo as vinte unha horas e cinco minutos, auséntase da sesión a concelleira do Grupo Mixto, Sra. Rodríguez Búa.*

A Sra. Fernández Agraso matizou que ela non se referiu a deixamento de funcións, senón a deixamento de xestión e falta de previsión e sinalou que non podía aceptar que tivo deixamento de funcións en comisión, por non preguntar por un informe externo que encargaron para unha prórroga de 40 anos, que despois non valoraron, insistindo en que non había posibilidade de prórroga, tal e como comentou o Sr. Interventor na comisión. Á parte diso un contrato de 25 anos queda obsoleto e débese ser mais ambicioso, para o que debe realizarse un prego en condicións, incluíndo a separación de pluviais, sendo mellor que se fixese a continuidade en decembro, non 17 días mais tarde, chamándolle a atención que se esperase tanto, estando atentos ao prego que realizarán e que é moi complicado.

A Sra. Deza Martínez explicou que, cando vence un contrato, o que ten que facer un goberno é analizar as posibilidades que existen, neste caso estudáronse todas, mesmo a prórroga e, de feito, había un informe xurídico e, na liquidación, tamén contempláronse todas as opcións, decidindo continuar coa prestación do servizo e facer unha nova licitación, considerando que era un bo momento para non deixar sen saneamento ningunha casa no concello.

A Sra. Fervenza Celestino aludió a que estaban contradicíndose manifestando que estudaron a posibilidade dunha prórroga, dando a entender que existe esa opción.

A Sra. Deza Martínez reiterou que existe un informe xurídico externo que fai alusión a posibilidade de acudir a unha nova prórroga e o Concello, unha vez que dispón das armas xurídicas e económicas, considerou que a mellor opción para os veciños era a continuidade do servizo, engadindo que a prórroga só cabería se o contrato estivese vencido, unha vez rematado, só procede a continuidade do contrato.

A Sra. Fervenza Celestino indicou que se contradicían co dito na comisión.

O Sr. Alcalde precisou que o goberno tiña dúas opcións, prorrogar 10 anos o contrato ou continuar co servizo e optaron por esta última para facer un novo concurso polos anos que estableza o estudio, por tanto podíase dar a prórroga, outra cousa é que se debese dar, pero se se acordaba, só os tribunais de xustiza poderían anulala.



( Selo da Corporación )

( Sinatura do Presidente )

Folio N.º 000143

Serie A N.º 3177099



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

A Sra. Fernández Agraso aludió a que, se se fixese o prego antes de rematar o contrato, non habería este ano de continuidade, parecendo que era obligada, o que non era certo

O Sr. Alcalde lembrou que houbo eleccións en maio, non considerando ético traballar uns meses antes nun prego, porque pode vir un goberno que queira facer outra cousa.

A Sra. Fervenza Celestino aludió a que anteriormente acusaron ao partido socialista de deixamento de funcións por participar cunha concelleira durante dos anos no goberno municipal e, agora, pretenden non ser responsables de deixamento de funcións por todo o que pasou con este contrato.

O Sr. Alcalde volveu a incidir en que o goberno anterior, co interveniente de presidente, decidiu deixar este tema para a nova corporación e, desde xuño, levan falando moito sobre o que fazer con este asunto, podendo aprobar unha prórroga de dez anos e, se a facían e denunciábanla, os tribunais de xustiza terían que decidir, rematando para dicir que o goberno ainda ten dúas opcións, xa que pode facer a prórroga agora e, se fose ilegal, só podería tombala un tribunal de xustiza, outra cousa e que deban facela.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu o referido ditame a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 03 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto (A voceira deste Grupo e única membro do mesmo actualmente, ausentouse da sesión unha vez empezado o debate deste punto, polo que debe computarse que se abstén na votación, artigo 100.1 do R.D.2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais ).**

En consecuencia e pola **mayoría absoluta dos membros de dereito da corporación**, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

**"-Continuar coa obligatoriedade**, por parte da empresa concesionaria dos servizos, de acordo ao disposto na cláusula 73 do prego de condicións particulares económico-administrativas que rexeu a concesión, da prestación dos servizos obxecto da concesión administrativa do ciclo da auga, é dicir, abastecemento da auga potable a domicilio, saneamento e evacuación das augas residuais e tratamento das augas residuais, nas mesmas condicións contractuais, por un **período máximo de 12 meses** a contar dende as cero horas do día **01 de xaneiro do 2020** e que en todo caso será o preciso para que a administración absorba a prestación dos servizos por xestión directa, xestión consorciada, xestión mancomunada ou calquera outra forma de xestión asociativa, o ben mediante xestión indirecta por licitación e adxudicación dun contrato de concesión de servizos ao amparo da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público."

Sendo as nove horas e dezaoito minutos, o Sr. Presidente dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: